

A CRISE DO SISTEMA DA RESTAURACIÓN E A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA (1902-1931)

1. O REFORMISMO REXENERACIONISTA (1902-1914)

A maioría de idade de **Afonso XIII** en 1902 (con 16 anos) coincidiu co auxe do **rexeneracionismo** tras o clima de pesimismo post “Desastre do 98”. Os partidos dinásticos intentaron un “*reformismo desde arriba*” (revolución controlada) para evitar o colapso do sistema da Restauración ante a puxanza dos novos movementos sociais (nacionalismos, movemento obreiro).

Afonso XIII non se limitara a un papel cerimonial, buscou autonomía e independencia do Goberno, participando activamente nas crises ministeriais. Como “Xefe Supremo do Exército”, Afonso XIII tivo unha estreita vinculación co estamento militar, o que favoreceu a progresiva militarización da vida política española (como se verá na **Lei de Xurisdiccións de 1906**, que daba competencia militar ós delitos contra a patria)

Os sistema da Restauración comezara a entrar en crise. O falecemento de Cánovas e Sagasta deixou un baleiro de liderado. O “*sistema de quenda*” volveuse inestable polas loitas internas nos partidos.

- **Partido Conservador.** Dirixido por Silvela e despois por Maura.
- **Partido Liberal.** Dirixido por Moret e despois por Canalejas.

Aínda por riba, o auxe do movemento obreiro (PSOE, UGT, CNT), o republicanismo e os nacionalismos periféricos (especialmente a *Lliga Regionalista* en Cataluña) romperon o monopolio dos partidos de quenda.

1.1 O Reformismo Conservador de Antonio Maura (1907-1909)

Maura liderou o que él chamaba “**revolución dende arriba**” entre 1907 e 1909, para evitar a “*revolución dende abaixo*” das masas. Para iso o seu obxectivo era integrar as “**masas neutras**” no sistema e eliminar o caciquismo; aínda que sen romper coa monarquía tradicional. Entre as súas medidas destacan:

- **Lei Electoral (1907):**
 - Introduciu o voto obrigatorio e a proclamación automática de candidatos se non había rivais (**art 29**), co fin de eliminar o caciquismo; pero paradoxalmente acabou favorecendo o control oligárquico nalgúns zonas como en Galicia.
 - Foi un intento de dar máis transparencia aos comicios.
- **Lei de Administración Local:**
 - Tentou crear mancomunidades provinciais, dándolle máis autonomía ós concellos; para satisfacer as demandas autonomistas catalás.
- **Repercusión en Galicia - Solidaridad Gallega (1907):**
 - Nace como resposta ao reformismo de Maura e á *Solidaritat Catalana*.
 - Foi unha fronte unitaria (republicanos, rexionalistas e tradicionalistas) que loitou contra o caciquismo e impulsou o **agrarismo** galego.
- **Reformas sociais:**
 - Creación do **Instituto Nacional de Previsión (1908)**, primeiro paso cara ó sistema de seguridade social.

- **Lei de Colonización Interior e a Escuadra:** Fomento da industria nacional.
- **Fin da etapa:**
 - O seu goberno caeu tras a **Semana Tráxica de Barcelona (1909)**, unha revolta contra o envío de reservistas a **Marrocos** (Guerra do Rif, Desastre do Barranco do Lobo) provocou unha folga xeral e revoltas en Barcelona. A dura e desproporcionada represión rematou coa execución de **Ferrer i Guàrdia**).
 - Isto provocou a unión da oposición (conxunción republicano-socialista) e lograron a caída de Maura ante o berro de “*¡Maura no!*” por parte dunha coalición de liberais e republicanos; rompendo a solidariedade entre os partidos de quenda.

A pesar destas reformas, o caciquismo e a manipulación electoral seguiron moi presentes, especialmente no mundo rural e en Galicia, polo que o proxecto de “*revolución dende arriba*” quedou incompleto e non solucionou a crise de fondo do sistema.

1.2 O Reformismo Liberal de José Canalejas (1910-1912)

Entre 1910 e 1912, Canalejas intentou unha democratización máis radical e laica, e un reformismo social máis profundo para atraer ás clases medias:

- **Lei do Candado (1910):**
 - Prohibición temporal do establecemento de novas ordes relixiosas durante dous anos, para limitar o peso da Igrexa.
- **Reforma sociais e militares:**
 - Abolición do imposto de consumos, substituído por un imposto progresivo sobre as rendas urbanas
 - **Lei de accidentes de traballo.**
 - **Lei de Reclutamento.** Establecía o **servizo militar obrigatorio** en tempo de guerra, acabando coa *redención en metálico* (aínda que mantendo certas vantaxes para as elites).
- **Lei de Mancomunidades:**
 - Para responder ás demandas do nacionalismo catalán, promoveuse un proxecto que permitía a unión de deputacións provinciais nunha mancomunidad.
 - Era unha vía de descentralización limitada, moi esperada polo catalanismo e seguida con interese polo rexionalismo galego.
- **Fin da etapa:**
 - O goberno de Canalejas coincidiu coa radicalización do movemento obreiro en Vigo e A Coruña.
 - O seu asasinato por un anarquista en 1912 na Porta do Sol, deixou ao Partido Liberal sen un liderado claro e freou o proceso reformista, truncando o proxecto da **Lei de Mancomunidades**, moi esperada polo catalanismo e seguida con interese polo rexionalismo galego.

O fracaso destes intentos reformistas mostrou que o sistema da Restauración tiña grandes dificultades para integrar os novos movementos sociais (obreiros, nacionalismos) e as demandas dunha democratización real da vida política.

2. A CRISE DEFINITIVA DO SISTEMA (1913-1923)

A partir de 1913, o sistema de quendas vese alterado por crises internas e a fragmentación dos partidos. A **Primeira Guerra Mundial (1914-1918)** trouxo un **crecemento económico desigual**: *gran beneficio para a burguesía industrial pero inflación e fame para as clases populares*, o que agudizou a conflitividade social. En Galicia, o aumento da demanda de produtos pesqueiros e conserveiros beneficiou á burguesía, mentres que o encarecemento dos alimentos empeorou as condicións de vida dos sectores populares.

2.1 1917: O PUNTO DE NON RETORNO

En 1917, o sistema entrou en colapso por tres conflitos simultáneos agravados polo desabastecemento e a inflación derivados da **I Guerra Mundial**:

1. Conflito Militar (Xuntas de Defensa):

- Os oficiais de infantería ("peninsulares") protestaron contra o sistema de ascensos por méritos de guerra (que beneficiaba aos "**africanistas**") e a perda de poder adquisitivo dos seus soldos. Os peninsulares propoñían un sistema por antigüidade. O goberno tivo que recoñecelas, o que supuxo unha capitulación do poder civil.

2. Conflito Político (Asemblea de Parlamentarios):

- En Barcelona, liderados pola **Lliga Regionalista**, de Cambó, un grupo de deputados desafiou o goberno pedindo a convocatoria de Cortes Constituíntes para levar a cabo unha reforma Constitucional que democratizase o Estado e recoñecer a autonomía de Cataluña.
- En Galicia, este clima favoreceu a consolidación das **Irmandades da Fala (1916)**, que na **Asemblea de Lugo (1918)** darían o paso do rexionalismo ao nacionalismo, definindo a Galicia como nación.

3. Conflito Social: Folga Xeral Revolucionaria (Agosto 1917):

- UXT e CNT convocaron unha **folga en agosto de 1917** contra a carestía da vida.
- Esta folga tivo un seguimento importante en núcleos industriais galegos como Ferrol e Vigo.
- O movemento tiña un matiz revolucionario, pero foi sufocado brutalmente polo Exército, que se mantivo fiel ao Rei; o que serviu para que os militares se reconciliaran co goberno e a burguesía abandonase as súas pretensións de reforma política por medo á revolución.

2.2 A DESCOMPOSICIÓN DO SISTEMA (1918-1923)

Tras a crise de 1917, entre 1917 e 1923 o sistema parlamentario entrou en fase terminal sucedéndose 13 gobernos de concentración sen maiorías estables. Dous factores agravaron aínda máis a situación en España:

• O Trienio Bolxevique e o Pistoleirismo (1918-1921):

- Baixo a influencia da Revolución Rusa, producíronse revoltas campesiñas en Andalucía; onde os campesiños ocuparon terras influídos por dita Revolución.

- En Barcelona, a conflitividade social derivou no **pistoleirismo**: enfrontamentos armados entre sicarios da patronal (Sindicato Libre) e anarquistas; producíndose unha sorte de Guerra Civil encuberta.
- **O Desastre de Annual (1921):**
 - Unha catastrófica derrota militar en Marrocos fronte ás cabilas de Abd el-Krim que custou máis de 13.000 vidas.
 - A esixencia de responsabilidades deu lugar ao **Expediente Picasso**, unha investigación que salpicaba á alta xerarquía militar e rozaba ó propio Rei; o que acelerou a solución militar para salvar á monarquía.

3. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA (1923–1930)

O 13 de setembro de 1923, o capitán Xeral de Cataluña, **Miguel Primo de Rivera** deu un golpe de Estado en Barcelona. Afonso XIII para evitar as consecuencias do Expediente Picasso e frear o movemento obreiro, aceptou o golpe e nomeouno xefe de goberno. A ditadura presentouse como unha solución temporal, o “*cirurxán de ferro*” para rexenerar o país.

3.1. Directorio Militar (1923–1925)

- **Carácter do réxime.**
 - O Directorio Militar tiña un carácter provisional e abertamente autoritario, centrado na orde pública e na pacificación de Marrocos.
- **Medidas políticas.**
 - Suspendeuse a Constitución de 1876.
 - Disolvéronse os concellos e as Cortes.
 - Prohibíronse os partidos e sindicatos.
 - Disolución da Mancomunidad de Cataluña e persecución do catalanismo.
- **Represión.**
 - Represión estrita do anarquismo e dos nacionalismos periféricos.
 - Prohibición do uso público do catalán.
 - En Galicia, isto supuxo a asfixia do galeguismo e a prohibición do uso público da lingua galega.
 - O galeguismo, aínda minoritario, sufriu vixilancia e limitacións, o que atrasou a súa articulación política ata a caída do réxime.
- **O Desembarco de Alhucemas (1925):**
 - Grande éxito militar en colaboración con Francia que puxo fin á guerra de Marrocos.
 - Outorgou enorme popularidade ao ditador e reforzou a imaxe do Exército Africanista.

3.2. Directorio Civil (1925–1930)

- **Institucionalización do réxime:**

- Intentouse institucionalizar o réxime mediante a creación da **Unión Patriótica** (partido único para darlle soporte ó réxime) e a **Asemblea Nacional Consultiva**, de carácter corporativista.
- Este modelo pretendía substituír o parlamento liberal por unha representación corporativa, limitando aínda máis a vida política e excluindo a oposición
- **Política Económica:**
 - Foi unha etapa de bonanza baseada no **intervencionismo estatal** e o nacionalismo económico.
 - Grandes investimentos en **obras públicas** (estradas, exposicións de 1929, encoros, regadíos a través das Confederacións Hidrográficas.
 - Galicia vese como reserva enerxética). Impúlsase o ferrocarril Zamora-Ourense.
 - Creación de monopolios estatais como **CAMPSA** e **Telefónica**.
 - Paz social a través do **Comité Nacional Corporativo**, coa colaboración do Sindicato UGT de Largo Caballero, sindicato “oficial”, para arbitrar conflitos laborais.
- **O Agrarismo e os Foros en Galicia:**
 - Nun movemento estratéxico para gañar o apoio do campesiñado galego, a Ditadura promulgou o **Decreto de Redención de Foros (1926)**, que permitiu aos labregos mercar a propiedade da terra, poñendo fin a un conflito histórico en Galicia.
 - Aínda que a redención de foros mellorou a situación de parte do campesiñado, tamén debilitou as organizacións agraristas e o movemento campesiño galego, que perderon unha das súas grandes bandeiras reivindicativas.

Esta bonanza coincidiu cun ciclo expansivo internacional de posguerra, pero resultou moi dependente do crédito e do gasto público, polo que o modelo económico era fráxil.

4. CAÍDA DA DITADURA E FIN DA MONARQUÍA

A ditadura comezou a desgastarse polo aumento da **oposición**: intelectuais (Unamuno, Ortega e Gasset), estudantes (FUE), militares críticos (Sanjuanada), republicanismo e o movemento obreiro. Coa chegada da **crise económica de 1929** a economía resentíuse e o moelo intervencionista da ditadura volveuse insostible. Afonso XIII perdeu a de confianza do Exército, e en Primo de Rivera, a quen viu a ditadura era un perigo para a monarquía. Primo de Rivera dimitiu en xaneiro de 1930.

Ao apoiar inicialmente a ditadura e abandonala cando se volveu impopular, o Rei quedou ligado á solución autoritaria e perdeu credibilidade como monarca constitucional.

O Rei intentou volver á legalidade coa **“Dictablanda”** do xeral Berenguer e despois ó Almirante Aznar, para tentar volver á legalidade anterior a 1923, pero o país xa non era o mesmo. Porén, en agosto de 1930, as forzas de oposición asinaron o **Pacto de San Sebastián** para derrocar a monarquía e instaurar a República. Galicia estivo representada por **Santiago Casares Quiroga** a través da **ORGA**, que buscaba a República e a autonomía galega.

En decembro de 1930, produciuse a **sublevación de Jaca**, un intento fracasado de alzamento militar liderado polo Galán e García Hernández.

As eleccións municipais do **12 de abril de 1931** convertéronse nun plebiscito sobre a monarquía: Malia a que os monárquicos gañaron en votos globais polo peso do rural caciquil, a vitoria

republicana en 41 e 50 capitais (incluíndo Vigo, Santiago e A Coruña) de provincia forzou o exilio de Afonso XIII e a proclamación da **Segunda República o 14 de abril**. Deste xeito, o fracaso da Restauración e da ditadura abriu paso á nova experiencia democrática republicana.